

Re-acciona



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Servizo

Diagnóstico para a aplicación de solucións dixitais na empresa



Re-acciona TIC



Características do servizo

Destinatarios

PEMEs incluíndo os autónomos, comunidades de bens, asociacións, fundacións ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, leven a cabo **actividade empresarial** e teñan o seu **centro de traballo radicado en Galicia**.

Obxectivos

- Facilitar a **formación** axeitada do persoal da PEME participante.
- **Análise do grado de modernización tecnolóxica** da PEME (principais necesidades/oportunidades).
- Identificación das **necesidades organizativas adicionais** para facilitar a transformación dixital da PEME.
- Definición da **"folla de ruta"** para a implantación das solucións dixitais innovadoras recomendadas para a mellora ou optimización da xestión, produción/prestación de servizos, comercialización...
- Recomendacións sobre **liñas de axuda** existentes no IGAPE e outras institucións para atender as necesidades da PEME.
- Tutorizar a posta en marcha das **Accións Básicas de Autoimplantación Temperá** seleccionadas.

Metodoloxía

O servizo préstase mediante a aplicación dunha metodoloxía de análise contrastada (aplicada dende o ano 2004 en máis de 15.000 empresas) como é o caso do **"Modelo de Madurez Dixital - eEmpresa"** de CTIC, a través de tres grandes fases: "Diagnóstico Dixital", "Estratexia Dixital" e apoio ás "Implantacións Temperás".

Resultados e beneficios do servizo

Resultados


- Un **Informe de Diagnóstico Dixital** da PEME, no que se determine o seu grado de modernización tecnolóxica, a partir da identificación das principais necesidades/oportunidades nese ámbito.
- Unha **Estratexia Dixital** en base a dous grupos de accións:
 - **Accións Básicas de Autoimplantación Temperá:** de inmediata implantación por parte da propia empresa.
 - **Accións de melloras a medio e longo prazo:** que precisarían apoio doutros axentes.
- A **tutorización na implantación das Accións Básicas de Autoimplantación Temperá.**

* As empresas solicitantes poderán optar tamén á incorporación dun bolsello para apoiar o desenvolvemento das accións de mellora.

Beneficios

- **Tanxibles:**
 - **"Foto" do seu grado de modernización tecnolóxica,** actualizada e consensuada, sobre as súas principais necesidades/oportunidades.
 - **"Folla de ruta"** para a implantación das solucións dixitais recomendadas.
 - **Tutorización** das autoimplantacións temperás.
 - **Recomendacións das liñas de apoio** existentes no IGAPE e outras entidades.
 - **Vantaxes para o acceso ao resto dos servizos do Re-acciona TIC** (25 puntos de valoración por dispor dun análise/plan previo neste ámbito).
- **Intanxibles:**
 - **Cohesión** do equipo e **motivación** individual.
 - Incremento do **coñecemento** e de **novas competencias.**
 - Mellora da **profesionalización** da peme
 - Creación dunha cultura de **Análise-Acción.**

Fases e duración do servizo



Solicitud de servizo

Axentes colaboradores

O axente colaborador do IGAPE para a prestación deste servizo é a **UTE Estratega-CTIC**.



Persoa de contacto: Antonio Paz García

Teléfono: 902 052 544

Correo: apaz@estrategaconsulting.com



Tarifas

TARIFA A

€ **150**

MicroPEMEs
e autónomos

- De 1 a 9 persoas traballadoras.
- Volume de negocio ou balance inferior a 2 millóns de euros.

TARIFA B

€ **225**

PEMEs
integradas nun Cluster

- De 10 a 250 persoas traballadoras.
- De 2 a 50 millóns de euros de volume de negocio.
- De 2 a 43 millóns de euros de balance.

TARIFA C

€ **300**

Resto de PEMEs
solicitantes

- De 10 a 250 persoas traballadoras.
- De 2 a 50 millóns de euros de volume de negocio.
- De 2 a 43 millóns de euros de balance.

Re-acciona TIC

